

AER URXE A CONVOCATORIA DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DAS OBRAS DA AP9



A Agrupación considera fundamental a pronta convocatoria de cara a concretar os proxectos da “adenda” e tratar as futuras expropiacións da mesma, antes de que Fomento e Audasa volvan causar traumas e atropelos aos afectados.

AER vén de solicitar por rexistro ao alcalde de Redondela, presidente da Comisión de Seguimento das Obras da AP-9, que no prazo de dez días hábiles convoque dita comisión. Na anterior sesión celebrada o pasado 24 de outubro, despois do desplante do Ministerio de Fomento e Audasa, as partes asistentes acordaron da necesidade de facer outra reunión. O presidente da comisión pedía un pouco de tempo para ter datos precisos sobre a “adenda da AP-9”. Unha vez aprobada esta “adenda” e a documentación da mesma, **é preciso a exposición na Comisión de Seguimento de toda esta información**, pois a documentación non foi tratada ao completo nas comisións anteriores, nin entregada a esta Agrupación para o seu estudo como temos solicitado por rexistro en diversas ocasións.

O BOE onde se publicou a “adenda” deixa claro que os proxectos da mesma non están en fase de execución, tan só en proceso de estudo técnico, polo que ata que estean rematados, aprobados e licitados, non hai data fixa para o inicio das obras de reposición. Outro tema de gran relevancia é que **na execución desta “adenda” van producirse novas expropiacións** na parroquia de Chapela, polo que este asunto ten que ser tratado na comisión antes de que cheguen os traumas e atropelos aos que Audasa e Fomento nos teñen acostumbrados.

Dende AER consideramos de vital importancia que todos os asuntos pendentes da “adenda” sexan debatidos e expostos ás partes implicadas antes de que comecen a aparecer Boletíns Oficiais do Estado licitando obras sen ningún tipo de consenso, e que tan só favorezan á concesionaria.

Outros temas a tratar de importancia na comisión son:

-**Medidas contra a contaminación acústica no trazado da AP-9.** A “adenda da AP-9” tan só contempla a instalación de pantallas sonoras, e tal e como amosa o estudo ambiental sobre a AP-9 “Informe Lagares” encargado polos afectados e sufragado pola veciñanza, **estas medidas son insuficientes sen un plan de insonorización nas vivendas** que se atopan polo trazado AP-9. Polo que entendemos que este punto ten que tratarse na comisión de seguimento.

-As afeccións da ampliación da AP-9 que afectan a máis de 450 edificacións nas parroquias de Chapela e Trasmañó: quedan moitos temas pendentes que tratar co Ministerio de Fomento.

-A aprobación das actas pendentes de comisións anteriores, como a do 17 de Febreiro de 2017 que a día de hoxe está en aprobar; acta na que figuran as peticións de expropiación dos afectados de Fonte Cornide e Cabanas, na que se lle demanda a Fomento unha solución para estas familias. Acta na que figuran denuncias e debate sobre inseguridade laboral nas obras (traballos en altura) e xusto mes e medio despois aconteceu un accidente laboral mortal nas obras. Acta que non se aprobou na comisión do 31 de xaneiro de 2018 ao decidir o presidente non incluír a aprobación da acta anterior na orde do día, tampouco chegou a ser aprobada esta acta na derradeira comisión celebrada o mes pasado ao ser suspendida polo plantón de Fomento e Audasa.

Sobre o **plantón de Fomento na comisión do 24 de Outubro**, AER tamén apuntou no rexistro entregado ao alcalde de Redondela que na acta aprobada da creación da comisión de seguimento destas obras do 22 de setembro de 2015 **non existe acordo algún para negociar ou pactar as datas da convocatoria co Ministerio de Fomento, tal como anunciou en prensa este organismo**. As convocatorias son competencia exclusiva do Concello de Redondela, organismo ao que pertence a comisión de seguimento. Polo que a xustificación polo plantón deste Ministerio na anterior comisión, alegando defectos de tempo e forma na convocatoria, non corresponde co tratado e deixa claro que **o plantón foi unha decisión política do PSOE**. Aínda que si que é certo que Javier Bas facía este tipo de acordos de datas pactadas por propio interese partidista nas reunións que mantiña fóra de formato con Fomento, e agora veñen os malos costumes.

Redondela, 8 de novembro de 2018